



## **ORDENANZA 11**

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACION DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.**

#### **ARTIGO 1º.- OBXECTO.-**

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41.b) da Lei 39/1988 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar..

#### **ARTIGO 2º.-FEITOS SUXEITOS Ó PREZO PÚBLICO.-**

Os feitos susceptibles de producir unha liquidación do prezo público serán os da prestación por persoal municipal dos traballos de axuda no fogar establecido no artigo 4 da ordenanza reguladora do servizo.

#### **ARTIGO 3.- OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.-**

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza, os que se beneficien dos servizos prestados por este Concello, ó que se refire o artigo anterior.

O usuario colaborará en función das súas posibilidades ó financiamento do servizo.

Para establecer este financiamento terase en conta o seguinte:

- A Renda Mínima (R.M.) fíxase no importe íntegro da pensión non contributiva (P.N.C.) para cada ano, sen ter en conta as pagas extraordinarias.

- A renda "per-cápita" anual familiar dividida por 12.

1.-De acordo cos niveis de renda e o número de membros da familia sobre o custo por hora do servizo de axuda no fogar.

Ós efectos de fixa-la Renda "per-cápita" teranse en conta os dos ingresos por calquera concepto: salarios, pensións, xuros de capital mobiliario (cando superen 360 €anuais), dividindo o total entre 12 meses.

Ademáis terase en conta o 5% do valor catastral de bens rústicos e urbanos, dividindo entre doce mensualidades.



Ó resultado total restaráselle os gastos de aluguer ou amortización da vivenda habitual e dividirase entre o número de persoas que constitúen a unidade familiar. Unha vez obtida a renda "per-cápita" aplicaranse as porcentaxes establecidas no baremo.

Situacións dos beneficiarios:

- a) Individuos sos.
- b) Dúas persoas.
- c) Tres persoas.
- d) Catro ou máis persoas.

#### **ARTIGO 4º.- CONTÍA.-**

Os prezos públicos que se liquidarán pola prestación dos citados traballos, son os seguintes por hora de traballo asistencial.

#### **Suposto de obriga do artigo 3º**

<b><u>RPC individual sobre a R.M.</u></b>	<b><u>Apart.a)</u></b>	<b><u>Apart.b)</u></b>	<b><u>Apart.c)</u></b>	<b><u>Apart.d)</u></b>
Do 100% +1 ó 130% da R.M .....	5%	10%	15%	20%
Do 130% +1 ó 160% da R.M .....	15%	25%	30%	40%
Do 160% +1 ó 180% da R.M .....	30%	40%	50%	60%
Do 180% +1 ó 200% da R.M. ....	40%	50%	60%	75%
Do 200% +1 ó 250% da R.M. ....	50%	60%	80%	100%
Do 250% +1 ó 300% da R.M .....	80%	80%	100%	100%
Do 300% +1 ó 350% da R.M .....	100%	100%	100%	100%

As porcentaxes expresadas aplicaranse sobre o custo da hora do servizo, que se fixa inicialmente en 4,81 € corresponderá á Comisión de Goberno a actualización da contía do custo por hora do servizo de acordo co artigo 48.1 da L.H.L. 39/88 e entrará en vigor cumpridos os requisitos legalmente establecidos

Ademáis dos casos citados, non se exclúe a ningún do servizo, sempre tendo en conta os casos baremados máis prioritarios e da dispoñibilidade do servizo.

O servizo prestarase gratuitamente para casos de intervención familiar de oficio, dentro do programa de educación familiar ou de integración socio-laboral de minusválidos, intervencións en casos de menores e casos especiais, co acordo previo da Comisión de Goberno, informes técnicos dos traballadores sociais e outros que correspondan , ás persoas que o soliciten ou que sexan declarados de oficio: incluíndose en todo caso usuarios que teñan unha renda "per-cápita" inferior



á renda mínima determinada no art. 3º . Todo isto en relación co artigo 45.3 da Lei 39/88 da L.H.L

#### **ARTIGO 5º.- XESTIÓN E TRAMITACIÓN.**

- A solicitude do servizo poderase realizar por iniciativa particular ou ben de oficio polo propio Concello . Unha vez recibida a demanda, o Alcalde ou Concelleiro no que delegue ordeará a tramitación que corresponda en cada caso
- En ámbolos dous casos, o beneficiario deberá acepta-las condicións do servizo e facilita-la información veraz necesaria para a posible liquidación do prezo público. A Secretaría-Intervención municipal liquidará os correspondentes prezos públicos, en caso de existir beneficiarios obrigados, os que teran coñecemento previo da súa contía. As liquidacións serán aprobadas por Resolución da Alcaldía.

#### **ARTIGO 6º.- PAGAMENTO.-**

As liquidacións do prezo practicaranse por meses naturais e pagaranse na primeira semana do mes seguinte. O pagamento realizarase na propia caixa da corporación ou nas distintas contas bancarias abertas polo Concello

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir desa data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.